



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto, s/n.-15806.-TOQUES (A Coruña)

Tfno: 981 505 826 Fax: 981 506 255

www.toques.es correo@toques.es



PROTOCOLO DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS EN ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓN MUNCIPAIS



Tendo en conta a situación sociosanitaria actual e seguindo as normativas publicadas no DOGA nº 115 do 13 de xuño de 2020 pola Consellería de Sanidade sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid'19, a continuación se detalla unha guía práctica de aplicación nas actividades municipais que se levarán a cabo durante o periodo que abrangue de outubro 2020 ata maio 2021.

Todas estas previsións estarán suxeitas á evolución da crise do COVID'19 e ás disposicións normativas e recomendacións sanitarias vixentes en cada momento.

Todos os usuarios e familias deberán asumir un compromiso responsable onde garanten que a saúde do participante non presentou síntomas durante os catorce días previos á asistencia na actividade (tos, febre, cansanzo ou falta de aire), así como de non haber estado en contacto con outras persoas con dita sintomatoloxía e ou infectados por coronavirus. **Este compromiso quedará reflexado nunha declaración asinada no momento da solicitude de inscrición na actividade.**

Se durante o transcurso dunha actividade se detectan síntomas, en usuarios e persoal, dos mencionados no párrafo anterior, o procedemento será o seguinte: illamento da persoa/s en cuestión, contacto coa/s familia/s e notificación aos servizos sanitarios. Desde ese momento seguiranse as pautas marcadas por Sanidade.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto, s/n.-15806.-TOQUES (A Coruña)

Tfno: 981 505 826 Fax: 981 506 255

www.toques.es correo@toques.es



NORMAS XERAIS

1. O uso da máscara é obrigatoria en todas as actividades, salvo en momentos puntuais das actividades deportivas; cumprindo o distanciamento e sempre baixo a supervisión e tutela do responsable de dita actividade.
2. Os usuarios deberán desinfectar as máns cos hidroxeles dispostos no locais ao entrar no espazo, durante a actividade e ao rematar a mesma.
3. As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados con esa finalidade.
4. Os usuarios/as non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
5. Técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersonal no interior das instalacións, ou usar a máscara cando non sexa posible.
6. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
7. O material e elementos comúns empregados en todas as actividades será desinfectado previamente por persoal municipal, e realizarase unha ventilación previa e posterior á actividade.